



I CONVOCATORIA PARA A ELABORACIÓN DE MOOCs (*Cursos masivos abertos en liña*) DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Aprobada no Consello de Goberno do 31/01/2018

A Universidade da Coruña, na súa firme aposta pola calidade e pola excelencia educativa, promove e fomenta desde diversos ámbitos a innovación pedagóxica sustentada nas tecnoloxías da aprendizaxe e do coñecemento co obxecto de favorecer a mellora continua dos seus procesos formativos.

Deste xeito, nos últimos anos, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, en colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE), puxo en marcha diversas accións tendentes a impulsar actividades de innovación educativa entre o seu profesorado. Nesta liña de acción e co obxecto de continuar respondendo aos obxectivos recollidos no Plan estratéxico 2013-2020 da Universidade da Coruña, concretamente aos relativos á innovación, a docencia e a aprendizaxe e a proxección internacional da nosa institución, públicase esta I Convocatoria para a elaboración de cursos masivos abertos en liña (MOOCs) da Universidade da Coruña coas seguintes bases:

1. Definición e alcance da convocatoria

Os cursos MOOC, de acordo coas súas siglas en inglés *Massive Online Open Courses*, son cursos baseados nos principios de gratuidade, masividade e ubicuidade que posúen unha estrutura orientada á auto/coaprendizaxe do alumnado destes cursos, con materiais didácticos e estratexias de avaliación característicos, así como un número ilimitado de participantes con acceso libre e gratuito a eses materiais.

Desta maneira, os MOOCs constitúen unha clara oportunidade para as institucións universitarias públicas de contribuíren ao coñecemento libre, aberto e accesible a toda a sociedade. Consciente diso, a Universidade da Coruña vén de asinar un convenio de colaboración con MiríadaX, a plataforma de MOOCs máis importante a día de hoxe no ámbito iberoamericano, que permitirá aloxar os cursos resultantes desta primeira convocatoria.

Concretamente, aprobarase un máximo de 5 propostas de cursos MOOC destinados a seren impartidos a través da plataforma MiríadaX ao longo do próximo ano 2018.

2. Obxectivos

Os obxectivos prioritarios da presente convocatoria son os seguintes:

- Apoiar e fomentar o deseño, a produción e a publicación de contidos multimedia educativos destinados a cursos masivos, en liña e abertos.
- Contribuír á proxección internacional da Universidade da Coruña e a darlle maior visibilidade á súa oferta académica.
- Favorecer a captación de estudiantes, especialmente para aquelas titulacións de nova implantación dentro da oferta de títulos da UDC.
- Contribuír á transferencia de coñecemento da nosa universidade á sociedade.

Código Seguro De Verificación	CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	07/02/2018 14:21:20
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==		





3. Destinatarios

Esta convocatoria está destinada a equipos docentes representados por un/unha coordinador/a, que deberá ser un membro do PDI con vinculación permanente á UDC e con dedicación a tempo completo. O/a coordinador/a do MOOC será a persoa encargada de presentar o proxecto. Non se fixa un número máximo de membros, non obstante, este número deberá axustarse aos obxectivos e á envergadura do proxecto. Os equipos estarán constituídos por membros do PDI que impartan docencia nos títulos oficiais de grao ou mestrado da UDC. Poderán tamén formar parte do equipo docente:

- a) docentes doutras universidades nacionais ou internacionais,
- b) docentes doutras institucións educativas non universitarias,
- c) persoal contratado con cargo a proxectos de investigación,
- d) estudantes de mestrado ou de doutoramento,
- e) persoal de administración e servizos da UDC

O persoal alleo á Universidade da Coruña deberá contar coa autorización da institución ou do organismo a que pertenza.

4. Compromisos dos equipos docentes

Os equipos docentes comprométense á total aceptación das bases da presente convocatoria así como a se axustar aos requisitos xerais establecidos pola plataforma MiríadaX en materia de deseño e secuenciación dos materiais, licenzas de uso, prazos etc. (véxase o anexo II).

Ademais, os equipos docentes seleccionados adquieren coa UDC o compromiso de:

- Asistir ás actividades de formación que, se é o caso, organice o CUFIE en relación cos MOOCs.
- Traballar en colaboración co CUFIE durante a fase de elaboración dos materiais e aceptar as propostas de modificación que sexan necesarias para garantir a calidade do curso.
- Autorizar a UDC a realizar as accións de promoción e divulgación do curso e dos seus materiais que considere oportunas.
- Responder pola lexítima propiedade e autoría ou, no seu defecto, consentimento expreso e permisos de uso de todos os materiais empregados no curso.
- Cumprir os prazos acordados tanto para a fase de deseño como para impartir o curso na plataforma.
- Entregarlle ao CUFIE no prazo máximo de dous meses desde o remate da acción formativa unha memoria de resultados de acordo co modelo que se habilitará para a súa descarga desde a páxina web do CUFIE.

5. Compromisos por parte da UDC

A Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente da UDC adquire os compromisos seguintes:

Código Seguro De Verificación	CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	07/02/2018 14:21:20
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==		





- Ofrecerles aos docentes o apoio e asesoramento necesarios durante as fases de deseño, desenvolvemento e implantación dos MOOCs na plataforma. Ese apoio canalizarase a través da Unidade de Teleformación así como da Unidade de Formación e Asesoramento do CUFIE, no caso de seren necesarias accións formativas puntuais destinadas aos equipos docentes dos MOOCs.
- Poñer a disposición dos/as docentes todos os medios materiais e humanos de que dispóna para elaborar os materiais didácticos audiovisuais e multimedia.
- Velar pola calidade e o rigor deses materiais e dos cursos resultantes coa finalidade de garantir a proxección dunha imaxe de excelencia académica para a nosa institución.

6. Prazos e presentación das propostas

No prazo dun mes desde o día seguinte á publicación da presente convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, a persoa encargada de coordinar o equipo docente presentará por rexistro electrónico a súa proposta de MOOC segundo o modelo do anexo I, dirixida á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

Unha vez rematado o prazo de recepción de propostas, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente publicará a listaxe provisoria de propostas de MOOCs admitidas e excluídas, indicando neste último caso as causas de exclusión.

Establecerase un prazo de 10 días hábiles que conta desde o día seguinte á publicación no TEO da listaxe provisoria para formular reclamacións ou corrixir os defectos indicados, que deberán ser presentadas por rexistro electrónico.

Logo de revisar as reclamacións publicarase a listaxe definitiva de propostas dos MOOC. No prazo dun mes que contará desde o día seguinte ao da súa publicación no TEO, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de alzada ante o reitor.

7. Comisión de valoración das propostas

A Comisión encargada de valorar e seleccionar as propostas estará formada por:

- A vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente ou persoa en quen delegue, que presidirá a Comisión.
- O director do CUFIE
- A directora da Unidade Técnica de Calidade
- A técnica de Teleformación do CUFIE
- A técnica da Unidade de Formación e Asesoramento do CUFIE

8. Criterios de selección

No proceso de valoración e selección das propostas valoraranse os seguintes aspectos:

- A orixinalidade e o carácter innovador da proposta. Valorarase que existan poucos ou ningún MOOC homólogos (para facer esta procura pódese emplegar un agregador de MOOCs como [ClassCentral](#) ou [Mooc.es](#)).

Código Seguro De Verificación	CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	07/02/2018 14:21:20	
Observacións		Páxina	3/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==			



- A calidade da proposta no relativo á súa temática, materiais, recursos docentes e actividades de avaliación de acordo coas características e requisitos propios do contorno en liña en que se vai impartir.
- A idoneidade do curso para formar un amplio abano de persoas destinatarias a nivel global.
- A potencialidade da proposta para a internacionalización da oferta académica da UDC, especialmente nos ámbitos das futuras liñas de especialización: innovatic; innovatec; innovahumanitas; urbanismo, paisaxe e territorio; sustentabilidade social; sustentabilidade económica e vida saudable.
- A posibilidade de utilizar o MOOC para a proxección e potencial captación de alumnado para os novos graos e mestrados oficiais da UDC.
- A posibilidade de que o MOOC sexa cursado por alumnado da UDC como complemento formativo ao ensino regrado.
- Terán prioridade as propostas procedentes dos Grupos de Innovación Educativa da UDC.

9. Reconecemento para o equipo docente

Unha vez que se impartan os cursos e se entregue a memoria de resultados, a Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente emitiralles aos equipos docentes unha certificación acreditativa da súa participación no MOOC.

A participación nun MOOC non comporta ningún tipo de remuneración aos membros do equipo docente, sen prexuízo dos ingresos eventuais que se xeren das solicitudes de certificación conforme ao convenio asinado coa plataforma MiríadaX, cos que se poderán financiar os seguintes conceptos:

- Gastos de relatores/as invitados a participar en actividades formativas dirixidas á formación docente dos membros do equipo.
- Gastos dos membros do equipo para asistir a cursos, congresos ou reunións sobre innovación docente.
- Gastos para adquirir equipos informáticos, software ou calquera tipo de material inventariable necesario para o desenvolvemento do seu labor docente.

A UADI a que pertence o/a coordinador/a do equipo deberá remitir as follas de pedimento, facturas e demais documentos relacionados co expediente de gasto á VOAID para a súa tramitación.

A Coruña, 07 de febreiro de 2018
Nancy Vázquez Veiga
Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Código Seguro De Verificación	CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	07/02/2018 14:21:20
Observacións			
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/CIkd+iPXXDs7HlnoPwBoXw==		



**ANEXO I. FORMULARIO DE SOLICITUDE PARA PROXECTOS MOOC****Título do MOOC****Datos do/a coordinador/a**

Nome e apelidos	
DNI	
Categoría profesional	
Departamento	
Centro	
Campus	
Teléfono	
Correo electrónico	

Resto de membros do equipo docente

Nome e apelidos	DNI	Centro	Categoría	Correo electrónico

Repartición de tarefas entre o equipo docente

- Para deseñar e elaborar os materiais de aprendizaxe:

- Para impartir e titorizar o curso:

Duración do MOOC (recoméndase un máximo de 5 semanas) e nº de horas de dedicación semanal do estudiantado (recoméndase entre 3 e 4)



Perfil das persoas destinatarias

Obxectivos de aprendizaxe

Descripción do curso (máximo 3000 caracteres): previsión de módulos e contidos, descripción do tipo de materiais didácticos, actividades e mecanismos de avaliación.

Xustificación do interese do MOOC para a proxección da UDC

A Coruña, _____ de _____ de 2018

Asinado:

SRA. VICERREITORA DE OFERTA ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE



ANEXO II. REQUISITOS DE ESTRUTURA E CONTIDO DOS CURSOS EN MIRIADAX

1. Duración

Os cursos deberán ter unha duración mínima de catro semanas e máxima de doce.

2. Estrutura

2.1. Recursos e materiais

O CURSO deberá estar organizado por módulos, estruturados de forma clara e equilibrada, coa finalidade de lles facilitar o seguimento dos contidos e recursos do CURSO ás persoas usuarias que participen nel. Estes módulos non poderán ter carácter bloqueante entre eles. É dicir, o usuario que non supere un módulo deberá poder realizar os sucesivos sen que o non superado lle supoña un prexuízo no seguimento do curso. Así mesmo, os módulos deberán permanecer sempre abertos ata a data de remate do curso, co fin de que o/a usuario/a teña á súa disposición todos os contidos do curso sempre que o deseche. Desta forma, as actividades configuradas como opcionais deberán permanecer sempre abertas ata o final do curso e o único que poderá ter unha data de peche anterior á data do remate do curso serán as actividades obligatorias.

Cada un destes módulos deberá incluír, obrigatoriamente, o seguinte:

- Material audiovisual: os contidos do módulo deberán ser desenvolvidos principalmente en formato audiovisual, subtitulados e narrados polo docente ou equipo docente. A realización das actividades de consulta de material audiovisual será opcional para a superación do curso.
- Material teórico de apoio: o docente ou equipo docente deberá facilitar documentación soporte que apoie os contidos do material audiovisual, como ligazóns externas, publicación de ficheiros, lecturas etc. A realización das actividades de consulta de material teórico de apoio será opcional para a superación do curso.
- Sistema de avaliación: dentro de cada módulo deberase establecer, como mínimo, un sistema de avaliação dos coñecementos adquiridos polas persoas usuarias participantes no CURSO. A non superación dunha actividade de avaliação non debe impedir que o/a usuario/a poida continuar realizando as restantes actividades do curso aínda que ao chegar ao termo deste non o superara na súa totalidade.

Adicionalmente ao anterior, o CURSO deberá conter un módulo 0 ou módulo introdutorio que integre un breve vídeo descriptivo da materia que se vai a impartir ao longo do CURSO. Poderase utilizar o vídeo de presentación do curso enviado xunto coa proposta. Así mesmo, este módulo incluirá unha avaliação previa dos coñecementos dos participantes do CURSO, que lle permitirá ao docente ou equipo docente coñecer o nivel inicial dos estudiantes.

Os materiais do CURSO deberaos subir o docente ou equipo docente á plataforma de conformidade coas indicacións da Guía de uso do/a profesor/a da plataforma.

2.2. Comunidade

Coa finalidade de impulsar a conectividade, a xeración de debates e o intercambio de coñecementos entre os participantes do CURSO, o docente ou equipo docente deberá crear



un foro de discusión para o efecto. Ademais do foro de discusión, o equipo docente terá á súa disposición de forma opcional outras ferramentas de comunicación, colaborativas e participativas como *blog*, envío de correos electrónicos ás persoas inscritas, *wiki* etc.

3. Propiedade intelectual

Dada a natureza e o carácter aberto do concepto de CURSO, todos os materiais incorporados aos CURSOS da plataforma deberán ser publicados obligatoriamente baixo unha licenza Creative Commons. O docente ou equipo docente poderá elixir, libremente, o tipo de licenza de Creative Commons baixo a que se publicarán os seus contidos.

A continuación detállanse unha serie de recomendacións para a elaboración e xestión dos CURSOS que Universia considera conveniente implantar

Carga de estudo		Non superior a tres horas por semana			
Módulos		Cantidad mínima: catro		Frecuencia: un por semana	
Material audiovisual (acompañado de texto-esquema)	Duración total do contido audiovisual por módulo	Duración mínima: trinta minutos de vídeo		Duración media: sesenta minutos de vídeo	
	Duración de cada un dos vídeos incluídos no módulo	Duración mínima: tres minutos		Duración máxima: doce minutos	
Material teórico de apoio		Dous recursos por cada trinta minutos de vídeo			
Avaliación		Avaliación previa de coñecementos	Utilización de unha das dúas ferramentas en cada módulo	Avaliación global final	
Comunidade e comunicación		Dinamización do foro de discusión	Impulso da Wiki	Uso do blog do profesor para comunicacíons	Creación da biblioteca de ficheiros Uso da ferramenta de correo para comunicacíons directas